

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de xullo de 2016, polo que se aproba o Acordo da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia

A Mesa da Cámara, en sesión do 5 de xullo de 2016, de conformidade co disposto no artigo 70 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

ACORDO DA MESA DE NEGOCIACIÓN DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA SUBSCRITO O 14 DE ABRIL, 31 DE MAIO E 9 E 27 DE XUÑO DE 2016

En Santiago de Compostela, despois das reunións mantidas o 14 de abril, o 31 de maio, e o 9 e 27 de xuño de 2016, a representación da Administración do Parlamento de Galicia, as representacións das organizacións sindicais Unión Xeral de Traballadores (UXT), Comisións Obreiras (CC.OO.), Confederación Intersindical Galega (CIG), Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI•F) e a representación da Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, tras o proceso de negociación levado a termo, de acordo co previsto no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, conveñen en subscribir este Acordo da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia.

PRIMEIRO. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este acordo seralles aplicable aos funcionarios públicos do Parlamento de Galicia, nos termos e co alcance que se determina nel.

SEGUNDO. CONTIDO

1) Modificación do parágrafo 5 e supresión do parágrafo 6 do artigo 5 e modificación do parágrafo 1 do artigo 13 das Normas reguladoras da xornada laboral semanal e do horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento do 1 de abril de 2014 (BOPG nº 267, do 4 de abril)

a) O parágrafo 5 do artigo 5 quedará redactado como segue:

«Artigo 5.5. Os servizos extraordinarios realizados polo persoal fóra dos seus horarios particulares, por mor das necesidades do servizo, dentro e fóra do horario xeral de funcionamento da Administración parlamentaria, daránlle dereito a aquel a unha compensación económica ou horaria, á súa elección.»

b) Suprímese o artigo 5.6.

c) Engadirase ao parágrafo primeiro do artigo 13 o seguinte: «No mes de xaneiro o horario xeral será de 9 a 15.00 e nos meses de xullo e agosto, de 8.30 a 14.30.»

2) Subscrición dunha póliza de seguro de vida

A Administración parlamentaria comprométese á subscrición dun seguro de vida para o persoal da Administración parlamentaria neste período de sesións, que ten garantía asegurada por falecemento por calquera causa e cun capital a indemnizar de 40.000 €.

3) Cobertura dos postos AP25 e AP93

A Administración Parlamentaria elevará á Mesa do Parlamento proposta de convocatoria de concurso de méritos para a cobertura dos postos de administrativo AP25 e xefe do Parque Móbil AP93, de acordo coas bases aprobadas na Mesa de Negociación do ano 2015 e que figuran como anexo ao presente acordo.

4) Creación dunha praza de guía do Parlamento

A Administración parlamentaria comprométese á modificación, neste período de sesións, da RPT para a creación dun novo posto de traballo do grupo D, nivel 16, denominado guía, adscrito ao Servizo de Persoal e Réxime Interior

5) Modificación da normativa en materia de vacacións

As partes acordan propoñer á Mesa do Parlamento a aprobación das seguintes normas reguladoras das vacacións do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia:

«NORMAS REGULADORAS DAS VACACIÓNS DO PERSOAL AO SERVIZO DO PARLAMENTO DE GALICIA**Artigo 1. Duración**

1. As vacacións anuais retribuídas do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia terán a duración de vinte e dous días hábiles, sempre que se prestase máis dun ano de servizo activo na Administración parlamentaria.

2. Se o tempo de servizo activo é inferior a un ano, a duración das vacacións reducirase proporcionalmente.

3. O persoal ao servizo do Parlamento de Galicia terá dereito a un día hábil adicional ao cumprir quince anos de servizo, e engadirase un día hábil ao cumprir os vinte, vinte e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un máximo de catro. Non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

Este dereito farase efectivo a partir do día seguinte ao do cumprimento dos correspondentes anos de servizo sinalados no parágrafo anterior.

4. No caso de gozo dun mínimo de quince días hábiles nos meses de xullo ou agosto, poderase gozar de dous días hábiles máis, que deberán acumularse necesariamente a aqueles.

Artigo 2. Períodos de gozo

As vacacións poderanse gozar nun período ordinario ou nun extraordinario, ou en ambos, dentro de cada ano e de acordo co disposto nos artigos seguintes.

Artigo 3. Período ordinario de vacacións

1. O período ordinario de vacacións será o comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, ambos inclusive, e estas poderanse gozar de xeito ininterrompido ou por períodos dun mínimo de catro días hábiles consecutivos, sempre que a súa duración mínima sexa de dez días hábiles.

2. Dentro deste período, cada unidade deberá quedar atendida por un funcionario ou funcionaria, como mínimo, para garantir o normal funcionamento de cada dependencia, logo do informe da persoa responsable dela.

Artigo 4. Período extraordinario de vacacións

1. O período extraordinario de vacacións será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño e entre o 1 de setembro e o 31 de decembro.

2. Neste período, poderase gozar das vacacións de xeito ininterrompido ou en fraccións de cinco días hábiles consecutivos como mínimo, sempre que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Artigo 5. *Normas comúns ao período ordinario e extraordinario*

1. Sempre que se cumpran os períodos e a duración mínima establecidos nestas normas, poderanse gozar de ata un máximo de nove días de forma independente, ademais dos días adicionais que poidan corresponder por antigüidade. Ase mesmo, poderán acumularse os días de asuntos persoais sen xustificación ás vacacións

2. En todo caso a concesión das vacacións está condicionada ás necesidades do servizo para o que se requirirá, de ser o caso, informe do responsable da unidade.

Artigo 6. *Suspensión do período vacacional*

As situacións de incapacidade temporal, risco durante a lactancia, risco durante o embarazo ou permiso por maternidade ou paternidade que se produzan con anterioridade ao inicio do período vacacional ou durante o seu gozo suporán a súa suspensión. O período vacacional afectado pola incapacidade temporal ou polo permiso por maternidade poderase gozar con posterioridade, logo da correspondente autorización.

O permiso vacacional afectado polas situacións anteditas ou polos citados permisos poderase gozar con posterioridade mesmo máis aló do 31 de xaneiro do ano seguinte, sempre que a situación que provocou a súa suspensión non permita o seu gozo con anterioridade ao remate do ano natural

Artigo 7. *Programa de vacacións para gozar no período ordinario*

1. O primeiro día hábil do mes de abril, as persoas responsables de cada dependencia administrativa comunicaranlle ao persoal adscrito a ela a apertura do procedemento de elaboración do programa de vacacións.

2. Dentro dos sete días hábiles seguintes á comunicación, o persoal remitiralle a súa solicitude de gozo de vacacións á persoa responsable da dependencia na que preste servizos.

3. A solicitude indicará os días de gozo dentro do período ordinario de acordo co previsto no artigo 3. Se non se chega a un acordo entre o persoal adscrito á unidade ou servizo, decidirase a orde por sorteo ao chou.

4. Antes do 15 de abril, as persoas responsables de cada dependencia remitiranlle a correspondente proposta á Oficialía Maior para que esta aprobe o programa de vacacións no período ordinario antes do 1 de maio. No suposto de existir desconformidade na súa elaboración, a Oficialía Maior propondrá o programa á aprobación da Presidencia do Parlamento.

Artigo 8. *Programa de vacacións para gozar no período extraordinario*

1. Cando todas as vacacións se pretendan gozar no período extraordinario, a persoa interesada deberalle remitir a solicitude á persoa responsable da súa unidade con cinco días hábiles de antelación ao seu inicio, como mínimo. Recibida a solicitude, procederase na forma prevista no apartado 4 do artigo 7.

De ser desfavorable, o funcionario ou a funcionaria poderá recorrer contra ela ante a Presidencia do Parlamento no prazo de tres días.

Non obstante, a persoa interesada procurará presentar a súa petición dentro do prazo que establece o artigo 7 co fin de posibilitar a aprobación simultánea dos programas de vacacións para gozar nos períodos ordinario e extraordinario.

2. Se só se quere gozar dunha parte das vacacións no período extraordinario, seguirase idéntico procedemento.

Para os días restantes, haberá que atermose ao disposto para o programa de vacacións para gozar no período ordinario.

Artigo 9. *Persoal adscrito ao Gabinete da Presidencia*

O programa de vacacións do devandito persoal elaborárase no seo do Gabinete da Presidencia de acordo coas necesidades do dito gabinete.

Aprobarao a Presidencia do Parlamento, se é o caso, e incorporárase ao programa xeral de vacacións do persoal ao servizo da Administración parlamentaria.

Artigo 10. *Gozo das vacacións por motivos graves*

No caso de enfermidade grave dun familiar de primeiro grao, xustificada documentalmente, o funcionario ou a funcionaria que se vexa nesa circunstancia poderá gozar de días soltos con cargo aos seus días de vacacións.

Para este caso considérase como media dos respectivos meses o número de vinte e tres días hábiles.

No caso de non precisar todos estes días o persoal nesta situación motivada integrarase ao plan de proposta de vacacións que establecen estas normas.

Disposición transitoria

No ano 2016, o persoal que así o solicite poderá gozar do seu período de vacacións de acordo coa normativa vixente ata a entrada en vigor das presentes normas.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as Normas reguladoras das vacacións do persoal funcionario do Parlamento de Galicia aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento do 2 de febreiro de 1999, modificadas por acordo do 1 de xuño de 2004.

Disposición derradeira

Estas normas entrarán en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.»

6) Carreira administrativa horizontal na Administración do Parlamento de Galicia

En consonancia co que se está a efectuar noutras cámaras autonómicas así como noutras administracións, a Administración parlamentaria comprométese a elaborar e someter á aprobación da Mesa do Parlamento, antes de rematar o ano 2016, un regulamento de carreira administrativa horizontal para o persoal ao servizo do Parlamento de Galicia.

7) Ampliación dos dereitos do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia en materia de licenzas e permisos

As partes acordan propoñer á Mesa do Parlamento a adopción dun acordo polo que se amplíen os dereitos en materia de permisos e licencias co seguinte contido:

«PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DOS DEREITOS DO PERSOAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

A disposición derradeira primeira do Estatuto do persoal do Parlamento faculta a Mesa do Parlamento de Galicia para ditar cantas disposicións considere necesarias para o desenvolvemento deste estatuto de persoal e adoptar acordos que puidesen ampliar os dereitos das empregadas e empregados públicos do Parlamento de Galicia.

A normativa autonómica e estatal en materia de función pública ampliou os dereitos dos empregados/as públicos/as en determinados permisos e licenzas, ampliacións que se considera que procede estender ao persoal ao servizo do Parlamento de Galicia.

De acordo co anterior, e logo de acordo da Mesa de Negociación do Parlamento de Galicia en reunión mantida o 31 de maio de 2016, propónse á Mesa do Parlamento, de conformidade coa citada disposición derradeira, a ampliación dos seguintes permisos e licenzas:

Permisos

1. Ampliación do permiso por parto

O permiso por parto, adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, de menores de ata seis anos establecido no artigo 59.3 do Estatuto do persoal do Parlamento, terá unha duración de dezaioito semanas.

1.1. A duración do permiso previsto neste artigo ampliarase nos casos e polos períodos que a seguir se determinan:

1.1.1. Discapacidade do fillo, dúas semanas máis.

1.1.2. Partos múltiples, dúas semanas máis por cada fillo a partir do segundo.

1.1.3. Partos prematuros e aqueles nos cales, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato se encuentre hospitalizado, ata un máximo de trece semanas adicionais.

2. Ampliación do permiso por lactación

1. A duración do permiso por lactación regulado no artigo 59.1.e) do Estatuto do persoal do Parlamento, nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiple, incrementarase en proporción ao número de fillos.

O tempo correspondente a este permiso pode acumularse, total ou parcialmente, en xornadas completas e facerse uso del en calquera momento despois do remate do período de duración do permiso por parto, adopción ou acollemento.

2. Cando se goce o permiso acumulándoo total ou parcialmente en xornadas completas, a súa duración será dun total de 150 horas, que deberán gozarse en ambos os casos ata que a/o filla/o acade os doce meses ou, no caso de adopción ou acollemento, antes de que transcorra un ano desde a efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non teña feitos os doce meses.

No caso de acumulación total do tempo correspondente a este permiso, gozarse a totalidade do tempo concedido en xornadas completas, que poderán ser consecutivas ou non.

No caso de acumulación parcial do tempo correspondente a este permiso, gozarse combinando a concesión de xornadas completas coa ausencia dunha hora diaria, a cal se pode dividir en dúas fraccións de media hora, ata acadar o total do tempo concedido.

3. Ampliación do permiso para efectuar revisións médicas

O permiso para realizar revisións médicas establecido no artigo 59.1.l) esténdese á realización de tratamentos ou intervencións médicas.

4. Ampliación do permiso de paternidade

O permiso de paternidade establecido no artigo 59.4 do Estatuto do persoal do Parlamento terá unha duración de vinte e nove días naturais.

5. Permiso retribuído para as traballadoras en estado de xestación

5.1. As traballadoras en estado de xestación terán dereito a un permiso retribuído, a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo, ata a data do parto.

5.2. No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo, ata a data do parto.

6. Permiso para acompañar o cónxuxe ou parella de feito a exames prenatais e técnicas de preparación ao parto

O persoal funcionario ten dereito aos permisos necesarios para acompañar o cónxuxe ou a parella de feito á realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

7. Permiso por nacemento de fillas/os prematuras/os ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto

7.1. Nos casos de nacemento de fillas/os prematuras/os ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.

7.2. Así mesmo, nestes mesmos casos o persoal ten dereito a unha redución por horas completas da súa xornada de traballo diaria de ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.

7.3. Mentres a/o filla/o prematura/o permaneza no centro hospitalario, poderá facerse uso acumulado dos dereitos previstos nos parágrafos 1 e 2, coas repercusións retributivas que en cada caso se indica. A redución de xornada con dedución retributiva prevista no parágrafo 2 procederá tamén a partir da alta hospitalaria, mentres a/o filla/o prematura/o precise cuidados, polo tempo que determine o informe médico.

No suposto de que ambos os dous proxenitores presten servizos na Administración parlamentaria, poderá limitarse o exercicio simultáneo.

8. Redución de xornada para atención a fillos que padezan cancro ou calquera enfermidade grave

O persoal terá dereito á redución da xornada de traballo diaria, coa percepción íntegra das súas retribucións, para atender ao coidado do fillo/a menor de idade, menor en acollemento preadoptivo, permanente ou simple, ou fillo/a maior de idade minusválido físico, psíquico ou sensorial que non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade remunerada, que padeza cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente. Concederase unha redución por horas completas de polo menos a metade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo ata que o menor faga os dezoito anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolleedores de carácter preadoptivo, permanente ou simple, traballen.

En virtude das circunstancias concorrentes no caso, mediante resolución do Oficial Maior a redución de xornada poderá acumularse por xornadas completas.

No suposto de que ambos os dous proxenitores presten servizos na Administración parlamentaria, poderá limitarse o exercicio simultáneo.

9. Permiso por accidente ou enfermidade moi graves e graves

9.1. Nos casos de accidente ou enfermidade moi graves, ou enfermidades graves das comprendidas no anexo do Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e o desenvolvemento

do sistema de seguridade social da prestación económica do coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave ou na norma que o substitúa, do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, o persoal ao servizo do Parlamento ten dereito a un permiso retribuído para atender ao coidado desas persoas cunha duración máxima de trinta días naturais.

Este permiso concederáse tamén en supostos nos que o accidente ou a enfermidade non teña a consideración de moi grave ou grave, pero requira coidado directo, continuo e permanente do cónxuxe ou parella de feito ou familiar de primeiro grao, acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou entidade sanitaria concertada correspondente.

9.2. Cada accidente ou enfermidade xera o dereito a un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días naturais, se pode empregar de forma separada ou acumulada. Este permiso require un informe médico que determine que o accidente ou enfermidade é moi grave ou grave e a necesidade de coidados para atender a persoa enferma.

10. Adaptación progresiva da xornada laboral para tratamentos oncolóxicos

O persoal funcionario e o persoal laboral que se reincorporen ao servizo efectivo ao finalizaren un tratamento de radioterapia ou quimioterapia poderán solicitar unha adaptación progresiva da súa xornada de traballo ordinaria.

A Administración poderá conceder esta adaptación cando esta coadxuve á plena recuperación funcional da persoa ou evite situacións de especial dificultade ou penosidade no desempeño do seu traballo. Esta adaptación poderá estenderse ata un mes desde a alta médica e poderá afectar ata un 25 % da duración da xornada diaria, preferentemente na parte flexible desta, que se considerará como tempo de traballo efectivo.

A solicitude irá acompañada da documentación que achegue o interesado para acreditar a existencia desta situación, e a Administración deberá resolver sobre ela nun prazo de tres días, sen prexuízo de que, para comprobar a procedencia desta adaptación, a Administración poderá solicitar os informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais ou de calquera outro órgano que considere oportuno sobre o tratamento recibido ou as actividades de rehabilitación que lle fosen prescritas.

O prazo a que se refire o parágrafo anterior poderá ampliarse nun mes máis cando o persoal xustifique a persistencia no seu estado de saúde das circunstancias derivadas do tratamento de radioterapia ou quimioterapia.

11. Permisos vinculados coa conciliación da vida familiar e laboral

Concederáse permiso polo tempo necesario para:

11.1. A asistencia do pai, nai, titor ou titora ás titorías convocadas polo centro escolar a que asisten os seus fillos/as ou menores ao seu cargo.

11.2. A asistencia do pai, nai, titor ou titora con fillos/as con discapacidade a reunións de coordinación do seu centro de educación especial onde reciba tratamento ou para acompañalo se ten que recibir apoio adicional no ámbito sanitario.

12. Consideracións sobre os días hábiles nos permisos por falecemento, accidente grave, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar en primeiro e segundo grao, así como na mesma ou distinta localidade para o seu cómputo

Para os efectos do gozo dos permisos correspondentes ás circunstancias sinaladas no artigo 59.1.a) e b) do EPPG, considéranse inhábiles os sábados, domingos e festivos.

No caso de intervención cirúrxica sen hospitalización que requira repouso domiciliario, será a localidade en que se realice o repouso domiciliario a que se debe tomar como referencia con respecto ao termo municipal da residencia da persoa funcionaria. Neste caso, se os días de repouso domiciliario son inferiores ao tempo máximo deste permiso, este quedará limitado aos días do repouso domiciliario.

Licenzas

13. Licenza por unión de feito

A licenza por matrimonio regulado no artigo 58.1 do Estatuto do persoal do Parlamento aplicarase nos mesmos termos ás unións de feito.

14. Licenza para supostos de hospitalización

O persoal terá dereito a unha licenza sen retribución de ata un mes de duración no caso de hospitalización por accidente ou enfermidade grave ou que implique repouso domiciliario do cónxuxe, da parella de feito ou de parentes que convivan, ou se acredite suficientemente que están a cargo do traballador ou a traballadora.

15. Licenzas para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria

15.1. Pódense conceder licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria por un período non superior a seis meses, nos casos en que non proceda o outorgamento da comisión de servizos prevista no artigo 32.b) do Estatuto do persoal do Parlamento ou o pase á situación de servizos especiais de acordo co disposto no artigo 45.1.

Estas licenzas poderán ter carácter retribuído cando, debido ás circunstancias concorrentes, a Mesa do Parlamento así o acorde.

15.2. A concesión das licenzas reguladas neste artigo está subordinada, en todo caso, ás necesidades do servizo.

Excedencia

16. Excedencia por razón de violencia sobre o persoal funcionario

Amplíase o período durante o cal o persoal funcionario que estea en situación de excedencia por violencia terá dereito a percibir as retribucións íntegras e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo establecido no artigo 48.5 parágrafo terceiro, a tres meses.»

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016

En representación da Administración do Parlamento de Galicia:

Concepción Burgo López, vicesecretaria da Mesa do Parlamento
Xosé Antón Sarmiento Méndez, letrado Oficial Maior do Parlamento de Galicia
Carolina Costoya Parto, interventora do Parlamento de Galicia
María Aneiros González, letrada do Parlamento de Galicia

En representación do persoal ao Servizo da Administración do Parlamento de Galicia:

Juan Manuel Loureiro Taibo, en representación da Unión Xeral dos Traballadores
Manuel Ricart Ríos, en representación da Confederación Intersindical Galega
Rocío Salgado Beceiro, en representación da Central Sindical Independente e de Funcionarios
Xosé Torres Romar, en representación da Xunta de Persoal

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1ª